

# DESEQUILIBRIO PRODUCTIVO E DO ECOSISTEMA NA EXPLOTACIÓN "OBRAJERO-FORESTAL" NA ARXENTINA: O CASO DA PROVINCIA DE SANTIAGO DEL ESTERO

Ariadna Laura Guaglianone

Facultade Latinoamericana de Ciencias Sociais (FLACSO). Arxentina

ENTRE 1906 E 1915, SANTIAGO DEL ESTERO<sup>2</sup> PRODUCÍU 20.700.000 TRAVESAS, COAS QUE SE CONSTRUÍRON 1.600 QUILOMETROS DE CAMIÑOS DE FERRO. A MAGNITUDE DA DEVASTACIÓN FORESTAL EVIDENCIÓUSE A TRAVÉS DA DEGRADACIÓN DAS TRES CUARTAS PARTES DA SUPERFICIE OCUPADA POLOS BOSQUES DA PROVINCIA. DAS 10.792.200 HECTÁREAS DE BOSQUE EXISTENTES A COMENZOS DE SÉCULO, SÓ QUEDABAN NO ANO 1943 UNHAS 700.000

EXPLOTOUSE O BOSQUE CHAQUEÑO PENSANDO QUE ERA INEXTINGUIBLE. TALÁRONSE ÁRBORES DE TODAS AS IDADES SEN UNHA POLÍTICA DE REFORESTACIÓN, O QUE CONDUCIU Á DEGRADACIÓN DOS RECURSOS FORESTAIS. LAMENTABLEMENTE, AÍNDA NA ACTUALIDADE SE CONTINÚA CON ESTE MODELO DE EXPLOTACIÓN IRRACIONAL.

A EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS FORESTAIS FOI XERANDO DANOS IRREVERSIBLES NA PRODUCTIVIDADE DOS ECOSISTEMAS NATURAIS, IMPEDINDO O DESENVOLVEMENTO DUNHA PARTE IMPORTANTE DO SEU POTENCIAL PRODUCTIVO E OBSTACULIZANDO AS ALTERNATIVAS SOCIAIS DE ORGANIZACIÓN DUN PROCESO PRODUCTIVO MÁIS IGUALITARIO, EQUILIBRADO E SOSTIBLE.

## INTRODUCCIÓN

O modelo de desenvolvemento adoptado pola Arxentina, dende mediados do século pasado, baseouse na utilización das súas ventanzas comparativas derivadas dos abondosos recursos naturais. Como contrapartida, o modelo necesitou da consolidación dun Estado Nacional (1885) que integrou, nun poder centralizado, tanto a orde institucional como a poboación do país. Neste contexto, a provincia de Santiago del Estero quedou incorporada ó réxime de centralismo liberal imposto dende Buenos Aires. A consecuencia desta integración ten sido a aparición dunha heteroxeneidade productiva na que se privilexiou o crecemento dalgunhas áreas, chegándose mesmo á súa sobreexplotación, a expensas doutras cun crecemento económico e social que quedaron postergados.

Malia estas tendencias, a provincia de Santiago del Estero aínda mantíña daquela restos do seu antergo esplendor, evidenciados nun certo desenvolvemento industrial e agrícola-gandeiro. Traballaban na provincia 33 aserradeiros, 38 tafonas e 33 muñíos a vapor e auga, que xuntamente coas restantes casas industriais ocupaban a 16439 empregados e mantiñan un movemento de artigos importados, nacionais ou

estranxeiros, por valor de 1.138.000 pesos anuais (Dargolz, 1998).

Nembargantes, o desenvolvemento máis significativo da provincia e a súa forma de integración co resto do país vinculouse coa chegada dos camiños de ferro, producíndose profundas modificacións na súa configuración económica, social e espacial. Efectivamente, a construción de milleiros de kilómetros de vías provocaron a tala indiscriminada dos bosques dos quebrachos santiagueños<sup>3</sup>, coa finalidade principal de transformalos en travesas do ferrocarril.

".....A explotación destes bosques escomenzou a atraer ós capitalistas. A vinculación co ferrocarril foi evidente. A ecuación ferrocarril, explotación forestal, latifundio escomenzou a modularse.....e as demandas de madeira dura foron en aumento. Dende 1870, a introducción do aramio para separar as fincas, deslindar a valiosa propiedade territorial da Pampa húmida, e a necesidade dos postes incentivou aínda máis a explotación forestal...." (Dargolz, 1998).

## A OBRAJE

O desenvolvemento do ferrocarril primeiro, e a produción de postes e tano dempois, conformaron un tipo dede-

desenvolvemento productivo cunha organización social do traballo con características específicas. Os actores desta nova configuración económico-social eran o dono da obraxe, o leñador, o contratista, o labrador, o carreteiro e o peón. A relación laboral entre o dono e o leñador era un réxime de traballo case forzoso, baseado no perpetuo endebedamento do traballador co seu xefe.

O leñador e o peón foron os máis explotados. Unha testemuña da época ilustra esta situación:

"Unha semana de estudos, nas selvas, chegounos para apreciar as penurias que pasan os obreiros no medio deses bosques alonxados de todo o que significa civilización, carentes de comodidades e alimentos, expostos a seren mordidos por serpes pezoñentas, desgarrados os seus vestidos e as súas carnes por agudas espiñas que penetran ata incrustarse nos osos, expostos ó frío e o calor (45° á sombra en xaneiro e febreiro), ós ventos e ata a seren devorados polas lapas dos continuos incendios, que se producen a veces polas chispas das locomotoras que atravesan o deserto despertando co seu silbato ós seres vivos do Chaco, e outras, a causa dos mistos tirados intencionalmente para poder cazar ás avestruces, gua-

1 Traducción: Manuel Antonio Fernández Domínguez. Taller Educación Ambiental. (ICE-USC)

2 A provincia de Santiago del Estero atópase no N.O. arxentino e forma parte da rexión do Chaco santiagueño. Coñécese co nome de modelo "obrajero-forestal" ó sistema económico-social de explotación industrial dos bosques en moitos lugares de Latinoamérica.

3 Árbores da familia das Leguminosas, tamén chamados "jabíes" ou "quebrahachas". Noutro era moi abundantes no Chaco sudamericano



*nacos e veados dos campos. O xornaleiros do Chaco, que traballa de sol a sol derribando a machetazos os corpulentos quebrachos, gaña como máximo dous pesos con cincuenta centavos diarios. Para gañar de tres a catro pesos diarios hai que faenar sen descanso noite e día, cando o bosque o permite, é dicir cando aínda non ten sido explotado e abonda a madeira. Hai peóns -decíanos un encargado- que gañan ata 5 pesos diarios e outros que non merecen, nin siquera, o pago de un. Son como os animais, uns valen máis que outros... Os xornaleiros*

antes entrara o ferrocarril Central Córdoba, que unía as cidades de Córdoba e Tucumán.

A mentalidade agroexportadora do capital estranxeiro orientou a política ferroviaria de acordo ás necesidades do capitalismo europeo, construíndose a modo de abano converxente nos dous grandes portos de Buenos Aires e Rosario. O Noroeste sufriu o aillamento e a destrución dos prósperos pobos da época colonial. Crearonse novos pobos de vida efímera e as vías férreas determinaron a localización dos asentamentos

A actividade nesta primeira época foi embrionaria, conformando só algunhas obraxes, propiedade na súa mairía de estranxeiros sen grandes capitais. É a mediados da década dos oitenta cando chegan ó noso país as ondas expansivas do capitalismo industrial, comenzando a explotación irracional dos recursos forestais.

A industria forestal era dispersa, primitiva e inestable. A tecnoloxía utilizada era rudimentaria e baseábase no uso de ferramentas manuais para a tala, limpeza e labrado, e en carros tirados por bois ou mulas. Nembargantes, a concentración da poboación das obraxes, polo seu carácter de mobilidade na constante percura de áreas virxes para a continuidade da actividade, definíu unha forma de ocupación do espacio precaria e transitoria.

Cando se esgotaba un sector do bosque, a obraxe desmontaba a súa estrutura para trasladarse a zonas aínda non explotadas. As talas non se efectuaban de xeito que permitiran a reconstrución do bosque co fin de realizar unha explotación continua. Ben ó contrario, sacábase dunha vez todo o que tiña valor.


O quebracho é, por outra banda, unha árbore de medre lento. Se a industria forestal regresaba despois dun certo tempo a terreos xa explotados, non era porque dispuña dunha nova xeración de árbores, senon porque atopaba proveito ó haberse modificado as condicións do mercado, debido á redución dos prezos do transporte para extraer os exemplares menores, que antes rexeitaráanse.

### A SEGUNDA FASE DO DESENVOLVEMENTO DA OBRAXE-FORESTAL (1914-1945)

En 1914, a actividade agropecuaria da provincia limitábase á gandeiría extensiva, a obraxe nas áreas que aínda non foron totalmente depredadas e a agricultura de regadío nas zonas onde a existencia de cursos de auga o permitía.

O inicio da Primeira Guerra Mundial provocou unha chea de dificultades no abastecemento por vía marítima, e motivou un cambio cualitativo na explotación forestal, derivándose da produción de travesas á extracción de leña e á elaboración de carbón. Este cambio non respondeu só ás dificultades na provisión de carbón mineral. A diminución na demanda de travesas foi debida á interrupción na expansión da rede ferroviaria nacional.

Entre 1935 e 1937 a actividade forestal presenta unha nova fase de crecemen-



*dáselles un vale que é cambiado no almacén da casa por mercancías. Nunca se lles paga en diñeiro... A meirande parte dos traballadores límitase a pasar o día cuns mates, feitos con auga quente, azucre e herba. Algunhas veces millo tostado e outras unha dose de fariña mollada e asada no chan directamente sobre o lume, único xeito de facer economías. O peón sae pola mañán da súa vivenda, formada por catro paus de metro e medio de altura, cunhas polas enriba a modo de teito, e regresa á noitiña despois de ter camiñado moitos quilómetros derribando os quebrachos que servirán para travesas, vigas ou postes. O almorzo do mediodía faino cando o sol está perpendicular sobre a súa cabeza, logo deitase uns minutos a descansar, como as bestas, e recomenza a súa laboura ata que a escuridade da noite impídelle seguir traballando". (Orestes di Lullo, 1937)*

### A PRIMEIRA FASE DO DESENVOLVEMENTO DA OBRAXE-FORESTAL (1880-1914)

No ano 1884 entra por vez primeira o ferrocarril na provincia de Santiago del Estero. Un ramal secundario uniría a cidade de Frías coa capital de Santiago. Frías era a cidade pola que 10 anos

humanos en terras non aptas para o cultivo, sen pastos e sen auga. "...Á falla de auga para a agricultura, aqueles poboadores da zona de influencia do ferrocarril- como pomposamente se denominaba- adicáronse á devastación do bosque" (Orestes di Lullo, 1937).

O ferrocarril non só constituíu unha vía para facer chegar ó porto de Buenos Aires os produtos de exportación, senón que tamén permitíu a chegada á rexión dos produtos importados, destruindo dese xeito as artesanías locais. Pero destruíu algo máis, os bosques santiagueños, que foron expoliados para a obtención de madeira, para a produción das travesas necesarias para o tendido das vías férreas e posteriormente para a produción de postes que serviron para cercar as grandes propiedades da Chaira Pampeana. Esta demanda estruturou unha nova forma de organización económico-social: a obraxe.

A primeira etapa do proceso de explotación forestal baseouse na extracción de quebracho para a produción de travesas que permitiron a extensión das vías férreas. A partir do 1884, á esta produción incorporábase a de postes para deslindar as valiosas propiedades da pampa húmida.



to, aínda que nunca chega a ter a importancia que tivera durante a expansión inicial dos camiños de ferro. Dúas situacións explican este rexurdimento. A partir de 1933 escomenza o tendido da conexión ferroviaria Forres-Córdoba, que púso en explotación unha vasta zona do Sur santiagueño. En numerosos departamentos, ata agora non explotados, xurden novas obraxes que actúan de polos de atracción para a man de obra da rexión. O segundo elemento desencadeante foi a extracción do tanino.

O feito de que o tanino extraído do quebracho chaqueño e santafesino superara ó santiagueño significou que a empresa máis importante vinculada á súa extracción, a Forestal Limitada, instalárase e concentrara os seus capitais na rexión chaco-santafesina. Nembargantes, existiron relacións evidentes entre a Forestal Limitada e a provincia de Santiago del Estero, vinculadas ás sucesivas transferencias e ventas do ferrocarril.

No ano 1903 exportáronse a Alemaña 12.040 toneladas de tanino, e no 1915 a cantidade exportada superaba as cen mil toneladas. A explicación deste novo auge forestal estivo dada polo inicio da Segunda Guerra Mundial que determina un incremento na demanda do tanino, que aínda sobe máis durante a post-guerra e a

Guerra de Corea. Nembargantes, a partir do ano 1962, a Forestal Limitada decide reemplazar os quebrachos arxentinos polas novas plantacións de Mimosa nas colonias británicas de África.

A explotación do bosque non se limitou exclusivamente á extracción do tanino, tamén se incrementou a produción de leña e carbón para a combustión, ante a imposibilidade de abastecerse do exterior.

A última etapa da utilización do bosque caracterizouse pola explotación total do mesmo, non xa para a extracción do tanino senon para travesas, postes, vigas e carbón. Isto dou lugar á tala indiscriminada de moitas especies: quebracho colorado, algarrobo, quebracho branco, guayacán, etc.

A organización económica e social que fundou a obraxe poido desenvolverse con estas características debido á inexistencia de leis sociais que ampararan o traballo do leñador e leis de protección dos recursos naturais. Coa chegada ó poder do Partido Radical, en 1920, regulamentáronse algunhas situacións como os accidentes de traballo, as enfermidades profesionais, o traballo de mulleres e menores, o pago dos salarios en moeda nacional, as xubilacións e o traballo nocturno.

Pero é no 1945, coa victoria do peronismo, cando se inicia unha transforma-




ción máis profunda. Ó cumprimento real das leis, agrégase a organización sindical dos leñadores e algúns intentos por xerar mecanismos que permitan a protección integral do bosque.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Aparicio, S. El proceso de modernización agropecuaria en Santiago del Estero. Tese de Maestría, FLACSO, 1986.
- Dargoltz, R. Hacha y Quebracho. Historia ecológica y social de Santiago del Estero. Ediciones Conciencia Nacional. IV Edición, 1998.
- Di Lullo, O. El bosque sin leyenda. Ensayo económico y social. Primera Edición, Santiago del Estero, 1937.
- Gancedo, A. Memoria descriptiva de Santiago del Estero. Buenos Aires, 1884.

## Programa de actividades



CONCELLO DE OLEIROS

# OLEIROS

Actividades OUTONO na Casa da Xuventude



Muelle do Inglés, C.C. A Fábrica  
15172 - Perillo (OLEIROS)  
Tel.: 981 636 598 - Fax. 981 639 592

#### ACTIVIDADES:

- **Campaña "A limpar o Mundo".** Organizado en Oleiros polas Asociacións Taina e Ó Corval 22 de setembro
- **Conferencia "Boas prácticas ambientais na vida cotidiá"** (colaboración co CITA) Outubro
- **Curso básico de cociña para xóvenes** Outubro- novembro
- **Xornadas Chico Méndes: pola conservación do planeta** (en colaboración co CEIDA) Novembro

Voluntariado Ambiental (varias actividades)

#### FORMACIÓN:

- **Curso de "A percepción do contorno. Análise e valoración da Paisaxe"** - 19-21 outubro
- **Obradoiro práctico de perfeccionamento para monitores "Elaborar compost"** - 26 outubro
- **Obradoiro práctico de perfeccionamento para monitores "Xogos populares"** - Novembro
- **Actividades prácticas para monitores: "Primeiros auxilios", etc...** - Novembro
- **Obradoiro práctico de perfeccionamento para monitores "Globoflexia"** - Novembro
- **Obradoiro práctico de perfeccionamento para monitores "Malabares"** - Decembro
- **Curso de especialización para dinamizadores xuvenís** - Decembro

#### TEMPO LIBRE:

- **Safari fotográfico "Excursión micolóxica"** 13 outubro
- **Sendeirismo "Polos camiños galegos a Compostela: de Melide a Arzúa"**. 27 outubro
- **Sendeirismo "Polos camiños galegos a Compostela: de Arzúa a O Pino"** 10 novembro
- **Sendeirismo "Polos camiños galegos a Compostela: de O Pino a Santiago"** 24 novembro
- **Sendeirismo "Ruta sorpresa"** 15 decembro
- **Excursión "Parque Natural Xurés-Baixa Limia e Parque Nacional Peneda-Gerês"** 27-30 decembro